

## VII.

Cando Daniel escoitou o ruído da chave no ferrollo, estaba tan fóra de si que o relacionou nun primeiro momento co que identificaba o regreso de seu pai ao piso da Casa Cuartel. A emoción que asociaba a iso era a tranquilidade de saber ao proxenitor de volta pois de cativo era moi medorento, sempre co temor de que lle pasase algo malo nas súas roldas. Só o tirón que un daqueles veciños aterrados lle deu á camisa fíxolle volver á realidade e comprender que estaban abrindo o paso á propia boca do lobo, algo que ninguén pensara en previr, demasiado ocupados todos en seguir desde a fiestra as evolucións do grupo de escapados. Antes de que puidesen facer algo viron entrar á filla dos Coelleiros, ensanguentada e en pleno ataque de pánico, con dúas daquelas cousas xusto nas súas costas e ás que tentaba expulsar empuxando a porta coas súas exiguas forzas. A parálise ante semellante imaxe retrasounos un intervalo imprescindible e axiña outros tres redivivos cargaron co que parecía unha enerxía sobrenatural, facendo saír disparada á pobre muller e metendo cabezas, brazos e pernas por aquela apertura tan perigosa. Un par de veciños conseguiron facer forza en dirección contraria no último segundo, prendéndolles con furia aquelas extremidades no que para calquera ser vivo suporía unha grande dor e que para eles só representou a panca de músculos e ósos coa que facer a eficaz resistencia contra aquel peche pois ao cabo conseguiron entrar e abalanzarse contra aquela última liña de defensa de dentro da vivenda. Deron cabo daqueles esforzados e da pobre irresponsable

que executara aquel acto de tamaña imprudencia con menor resistencia da esperada, seica porque non lles quedaban forzas para seguir resistindo, e, chegou a pensar o axente, esas forzas eran seguramente tanto físicas como mentais. Mentres, un grupo dunha decena de persoas correron a agocharse na cociña, que pecharon e trancaron cos restantes electrodomésticos e mobles aínda enteiros, pero outro grupo tamén próximo á decena de persoas, no que precisamente estaba el, a cantante e aquel improvisado asesor en armas de caza viñeron quedar no que, aínda con paredes e portas, podía cualificarse de campo aberto fronte a aquela ameaza incontrolable. “Subamos ao faiado”, decidiu nunha ocorrencia inesperada, mentres disparaba contra a primeira daquelas cousas que se achegaba polo corredor. O grupo enteiro fixo caso da súa orde e treparon cunha axilidade inverosímil aquela escaleira abatible mentres el pechaba a marcha. Houbo un intre no que o corredor pareceu quedar baleiro e el aproveitou para subir os primeiros chanzos pero de súpeto chegou outro daqueles redivivos, quen se abalanzou a tumba aberta sobre a perna que quedara máis abaixo. Conseguiu conxurar a ameaza lanzándolle unha pisada contra os fociños na que tivo a horrible percepción de como o tacón da súa bota quebraba aquel nariz xa inutilizado, e noutro tirón subiu por fin ao faiado e conseguiu pechar tras de si a trapela que ademais recollía a escaleira.

Unha soa ollada bastou para facerlle comprender que a solución adoptada presentaba un feixe de desvantaxes, sendo o primeiro e máis urxente o escaso espazo do que disporían aquelas sete persoas que se resgardaran alí, cando non o insoportable enrarecemento do aire que eses sete suxeitos vivos máis os tres cadáveres definitivos que xa estaban alí provocaban, algo

que a apertura da fiestra apenas aliviou. Baixo os pés notábase os ruídos dos redivivos mentres tentaban botar abaixo a porta da cociña ou roldaban baixo a trapela. Daniel sentiu entón na súa caluga a pantasma que tantas veces o aterrara e que conseguira esquivar durante toda esa noite. A claustrofobia prendera os seus dedos férreos no seu colo e apertaba sen piedade, impedíndolle a respiración. A tombos chegou até a fiestra, pero o aire seguía resultándolle escaso e aquel teito a dúas augas parecía estar pregándose sobre as súas cabezas como unhas tesoiras. A súa ansiedade empeorou, e preferiu empregar o pouco ánimo que lle quedaba en trepar ao tellado, argüíndo a necesidade de controlar a situación.

Agradeceu a brisa da noite, aínda que unha inoportuna vertixe afrouxaba os seus máis que cautelosos pasos sobre a superficie inclinada. Desde aquela altura gozaba do mellor miradoiro sobre todo o torreiro e parte do camiño de subida. Albiscou uns cantos redivivos reunidos en círculo en torno ao que parecía un dos corpos dos que non conseguiran fuxir e, polos ruídos e movementos que chegaban, preferiu non deducir ao que se estaban a dedicar con concentración. Pola contra, quedouse coa comprobación esperanzada de que o Land Rover efectivamente xa no estaba no seu sitio. Pero pouco dura a esperanza nun contorno de horror. Os berros pedindo auxilio que chegaban xusto de debaixo indicaban que os diferentes sistemas de protección da cociña tiveran algún fallo e esas cousas entraran por fin nesa estancia. A súa primeira reacción entón foi botar man á pistola, pero comprendeu axiña que un movemento así só podía servir para perder a súa arma regulamentaria, ao igual que acontecera co rifle de caza no seu malpocado plan de apoio á fuxida daqueles desgraciados. Debeu soportar entón aqueles chíos desesperados sen

poder facer outra cousa que albiscar ao lonxe na busca dunha axuda que non chegaba. Prometeuse unha vez máis naquela noite no que debía ser a centésima ocasión que, se conseguía saír con vida daquel inferno, deixaría de inmediato a Garda Civil, e mesmo calquera outra posibilidade laboral que implicase o coidado ou vixilancia doutras persoas. Iso, sempre e o Corpo non decidise sancionalo dalgún xeito polo seu comportamento negligente, por non dicir homicida en grao accidental. Matara a unha persoa, era un feito tan innegable como que ao día sigue a noite, pero iso só era o vórtice do seu burato negro do horror no que xiraba a súa irresponsabilidade incuestionable fronte a acción suicida de fuga que consentira e incluso animara e ao que agora se viña sumar o desconsolo de non poder facer nada para axudar ao grupo da cociña. Para o seu bochorno, unhas bágoas viñeron ratificar aquela conclusión e por iso ao alzar a vista pensou que aquelas luces que polo ceo chegaban eran simples estrelas. O son característico das hélices xirando veu corrixir a súa percepción. Estaba a achegarse un helicóptero que recoñeceu sen dudar da Garda Civil e que axiña se situou en vertical sobre a súa cabeza. Por altofalante preguntáronlle cantos estaban alí e se estaban ben e el por sinais contestou como puido mentres tentaba manter o equilibrio ante aquel vento furacanado artificial. Desde arriba lanzaron un estribo e animárono a engancharse a el para subir. A urxencia do momento fíxolle obviar o estraño daquel rescate, cun sistema tan pouco seguro e sen que baixase ninguén de apoio, e no único que pensou foi en poñer a salvo a todos os que estaban agochados no faiado, e en primeiro lugar a cantante. Arrastrouse até a fiestra e chamounos. Aínda custou un par de angustiosos minutos convencer a todos de que debían trepar ao tellado e logo deixarse subir enganchedos naquel soporte

tan pouco prometedor, pois un par deles recoñeceron unha acrofobia importante, aínda que finalmente non determinante. Termou daquel cable oscilante e conseguiu convencer á rapaza para que ascendese en primeiro lugar coa escusa de axudar desde arriba aos demais, de aspectos máis torpes para eses esforzos. Respirou aliviado unha vez a viu entrar naquel habitáculo voante. El cometera o erro da súa vida ao tentar impresionala como hábil francotirador, polo menos, podía ter o consolo de sabela a salvo. O resto dos que se escondían no faiado subiu axiña, agás o vello cazador, quen fora retrasando a súa quenda e incluso ofrecéndose a axudar aos demais para confesar finalmente o seu pánico atroz a aquel ascenso vacilante e que el non considerou ante a urxencia do momento, obrigándoo a subir cuns berros tan definitivos que ao pobre home non lle quedou máis remedio que calzarse naquel estribo e agarrarse con todas as súas forzas ao cable que o suxeitaba, unha medida que axiña se revelou como polémica por canto reaccionou nesa mesma liña de pánico cando o helicóptero pegou un tombo e el axitou violentamente unha perna que lle escorregara do apoio, alcanzando no nariz a Daniel quen, nun movemento reflexo, foise preocupar máis de agarrarse o órgano danado que do seu propio equilibrio. Os seus pés trastallaron e a superficie inclinada e esvaradía fixo o resto. Antes de que puidese ter conciencia do que lle estaba a pasar, se viu rulando polo tellado e caendo polo seu borde. Só os seus ben adestrados reflexos lle fixeron asirse ao canal e quedar colgando agarrado por unha soa man. Sentiu como se todos os seus músculos de tronco e brazos quedasen desgarrados ante a forza da gravidade, pero ese problema pasou a un merecido segundo termo ante os outros problemas formulados, a saber, o helicóptero que parecía afastarse e o tremor

do elemento ao que estaba agarrado no que semellaba unha inminente rotura daquela estrutura, pouco afeita a pesos superiores aos duns cantos litros de auga de chuvia. Quixo agarrarse coa outra man pero ese tirón foi ao cabo o golpe de graza sobre aqueles martirizados parafusos e torcas. Caeu aferrado a aquel salvavidas tan pouco eficaz que se arqueou como calquera vimbio até escachar.

Non chegara a perder o coñecemento e parecía non ter dor, pero o que máis o asustaba de todo iso, aparte das súa gran dificultade para respirar, era a sensación de irrealidade coa que se quedou en posición supina cara ás estrelas. Un par de tentativas valeron para demostrarlle sen xénero de dúbidas que non era capaz de erguerse, tan só de agarrar con mans inseguras a súa pistola, usada con precisión contra o primeiro redivivo que asomou ao seu campo de visión. Sabía que quedara completamente vendido pero, por un incerto mecanismo psicolóxico extravagante, deu por boa esa resolución. Conseguiu que a rapaza e máis xente quedara a salvo e, por outra banda, algo dentro del morrera nalgún momento desa noite, polo que o futuro máis inmediato chegara a parecerlle unha condena insoportable. O seu segundo disparo contra outra daquelas cousas tivo o mesmo nivel de efectividade que o primeiro. Pensou que se seguían chegando a ese ritmo, aínda podería ter algunha posibilidade, e case se molestou ante esa esperanza. Porén, recordou que seguramente non habería suficientes balas e que a efectividade das mesmas sería menor disparadas por alguén ferido e sen posibilidades de movemento, así que se relaxou un pouco e rogou porque a cousa rematase axiña. Pola súa esquerda apareceu a filla dos Coelleiros. Á coitada apenas lle quedaba pel nos brazos e nas fazulas e podía ver perfectamente a forma dos

seus dentes e enxivas na mandíbula, pero gañara pola contra unha fereza incontrolable que seguramente ninguén lle tería sospeitado só unha hora antes. Daniel apertou o gatillo pero o seu pulso perdera firmeza e a posición na que quedara tampouco colaboraba moito, así que a bala se limitou a atravesar o ombro da nova depredadora, algo que só a torceu un chisco. Lanzouse en tromba buscando o pescozo do axente, e este colocou instintivamente o brazo para protexerse, recibindo así toda a potencia daqueles dentes e cairos voraces. Sentiu claramente aquela trabada brutal e viuse caer polo tobogán da perda de consciencia, pero antes conseguiu introducir o canón naquela boca que volvía por máis e facer fogo. Sobre a súa carne viva viñeron caer os restos daquela outra carne e miolos mortos. A idea que tivo, máis intensa incluso cá náusea e a dor que o oprimían, era que con iso quedaba definitivamente condenado e que, efectivamente, era mellor rematar canto antes. Abriu a boca para facer sitio a aquel canón, pero lembrou con asco no lugar onde acababa de estar e preferiu apoiálo na súa sen, ao estilo tradicional. Conseguiu disparar antes de que chegasen outros redivivos que xa roldaban cerca.

Aquel grupo de homes disimulou os diferentes elementos de caza que levaban e tomou os máis inofensivos dos visores térmicos, os tablets e, sobre todo, do ollar miope dos sabichóns. O seu seguinte paso foi vestir os monos de protección biolóxica do laboratorio e así ataviados subiron aos distintos vehículos nos que ían marchar de alí, colocando aos feridos nos asentos do xeito máis disimulado posible. Debían regresar ao laboratorio canto antes. O seu plan de emerxencia resultara un completo fracaso e o único que importaba neses momentos era que os seus compañeiros recibisen unha atención médica

inmediata. Non se vían o suficientemente capacitados para continuar cun asunto desa gravidade, ao fin e ao cabo, non deixaban de ser simples científicos e técnicos de laboratorio, e nin nos plans de continxencias máis pesimistas tiveran nunca presente a dificultade das súas accións. Por outra banda, os resultados obtidos, sen ser bos, deixaban xustificado en gran medida o seu traballo.

A súa marcha foi cortada por un vehículo do exército, do que baixaron un par de soldados fortemente armados e ante os que deberon identificarse cos seus carnés da empresa e un feixe de charla de trazas epidemiolóxicas sobre os seus labores de control e vixilancia do contaxio, así como o recordatorio ameazante do permiso outorgado por altos mandos. Os militares opuxeron a necesaria seguridade de todo o persoal civil, ante o que deixaban de valer calquera outro salvoconduto concedido a grupos de expertos, aínda que viñese asinado polo propio presidente do goberno e polo que estaban obrigados a deixarse escoltar até o propio límite da parroquia. Aceptaron simulando unha gran contrariedade pero co alivio interior de ver que a cousa quedaba resolta da maneira máis sinxela desexable. Así pois, dispuxéronse a seguir ao coche coas cores de camuflaxe que ía abrílles o paso por diversos carreiros pois, como lles comentou outro soldado, a estrada estaba cortada e non parecía segura. Ese mesmo militar sentiu algo estraño ao pasar a carón dunha furgoneta frigorífica branca e con raias amarelas aos costados sinalada como o transporte isotérmico para as mostras de tecidos e demais restos biolóxicos necesarios para a análise. Aquel son non parecía corresponderse nin cun motor ao ralentí, nin coa maquinaria frigorífica que se supoñía levaba un vehículo desas características, pero o tempo apremaba e tiñan unha misión



que cumprir, así que subiu de novo ao seu asento e iniciaron todos a marcha cara á vila.

No interior da caixa, os golpes de Lidia reiniciáranse con maior intensidade, aínda que as súas mans xa perderan por completo a categoría de extremidades para entrar na de repugnantes bolas de carne sanguinolenta. Petaba unha e outra vez non porque quixera facerse oír no exterior. A súa ansia viña ditada única e exclusivamente pola fame brutal que esperaba satisfacer con aquel ser novo e grande que se movera nas inmediacións do seu encerro. O home que ocupaba o asento de copiloto ía falando por un walkie talkie con alguén de significativo mando en praza e ao que explicaba o tremendo erro de todo aquilo e a necesidade de dar remate ao asunto pero, evidentemente, Lidia xa non entendía tales cousas, aínda que desde o seu emprazamento podía escoitalas perfectamente.

A obsesión por atopar a súa filla permitíalle esquecer polo momento que estaba morto de medo. Mentres camiñaba monte abaixo acompañado por Raúl, comprendía dun xeito próximo á dor física que estaban completamente inermes ante novos ataques daquelas cousas. Se ben conseguiran dar cabo dun par deles durante a súa marcha (unha muller moi grosa que non era da parroquia e á que partiu a cabeza sen maiores miramentos e un rapaz espigado ao que Raúl disparou a queimarroupa e que no chan identificaran con mágoa como o fillo pequeno do Concheiro), resultaba evidente que non serían capaces de conter un ataque en grupo. Volveu recordar o seu rapto de histeria escachando o cristal do todo-camiño e de novo a sensación de bochorno resultoulle abafante, pero tamén de novo superpúxose a súa urxencia. Apertou

un pouco máis o paso, aínda que o camiño cheo de raíces e pedras non facía recomendable tal decisión. O seu acompañante tropezou e case foi dar ao chan, pero el non afrouxou o máis mínimo no seu avance. Sabíase preto das primeiras casas da vila e, sobre todo, da rúa por onde, estaba seguro, tería enfiado a súa filla cara ao Centro de Saúde en busca de axuda e iso parecía darlle alas nos pés.

De súpeto, apareceu un grupo duns oito redivivos no que parecía unha formación en abano e el maldiciu a súa sorte. Aínda que Raúl disparou con bastante puntería aos dous máis avanzados, sabía que algún acabaría feríndoos, e a soa posibilidade de chegar canda a súa filla convertido nun daqueles monstros fíxolle considerar a idea do suicidio preventivo. Presa de sa frustración conseguiu levantar a marra e descargala contra un home que levaba cravada unha forca de lado a lado, pero o seu seguinte golpe careceu da necesaria precisión e só valeu para rozar a aquela muller de greñas permanentadas e boca chea de sangue. Foi a escopeta co seu derradeiro tiro do cargador quen eliminou aquela ameaza e Pico recoñeceu con amargura que aquel home ao que pensara en matar na súa casa acabara de salvarlle a vida, a costa de quedar sen munición na recámara e co problema engadido de tela que recargar naquelas circunstancias tan pouco favorables. Fixo xirar a marra no aire como movemento disuasorio, pero aquelas cousas non tiñan medo de nada e de ninguén e avanzaron sen dubidar. Estaba tan concentrado brandindo aquela ferramenta reconvertida en arma que interpretou os disparos como o éxito de Raúl na recarga da escopeta, aínda que os tiros de subfusil tiñan un son totalmente diferente dos da arma de caza do seu veciño. Os redivivos caeron no acto. Tras eles, uns soldados con roupas de camuflaxe seguían

apuntando e el sentiu desexos de darlles unha aperta ou mesmo caer de xeonllos ante eles como se fosen uns anxos da garda acabados de chegar a ese recuncho do mundo. Tras retirarlles as súas armas, o que tiña galóns de sarxento preguntoulles se estaban ben e de onde chegaban e, antes de que calquera dos dous puidese contestar, atopáronse rodeados de soldados facéndolles unha especie de rexistro por todo o corpo e que se entretiveron un pouco máis na ferida da cabeza do pedáneo, pero que axiña desbotaron como factor de risco cun expeditivo “todo ben” berrado ao seu superior. Entón conducíronnos case que a rastro até onde estaba ese sarxento quen, con escasas palabras, díxolles que aquel concello ao completo estaba nunha situación de emerxencia sanitaria que obrigara a tropas do exército a controlar a seguridade daquel perímetro e que por iso ían evacualos daquel lugar a outro máis seguro, coa necesaria atención médica e incluso con psicólogos de apoio. Non foi posible extraerlle máis información, nin con todos os berros, recordatorios sobre normativas civís e incluso ameazas máis o menos veladas ou manifestas que lle lanzou Raúl, reinstalado no seu papel de poder local cunha virulencia inaudita. Pico teríase amosado sorprendido ante aquela metamorfose se non fose porque a súa preocupación pola filla seguía afogándoo. En calquera caso, aquela arroutada do pedáneo non parecía impresionar a ningún daqueles soldados, os cales, educadamente pero con firmeza, conducíronnos uns cantos centos de metros cara a un transporte militar coa promesa de que serían baixados de inmediato á vila e alí atendidos convenientemente. Pico víase sen forzas para preguntar pola filla. Ao cabo, toda a tensión nerviosa das últimas horas parecía empezar a pasarlle factura asañándose coas súas cordas vocais e cando por fin conseguiu falar só foi

capaz de articular atrapalladamente as verbas “a miña filla” ás que só lle puideron responder coa típica frase de consolo que axiña estaría con ela que pouco ou nada significaba con tan escasas referencias. Subiu ao transporte aniquilado polo pesar e case non se decatou das persoas que nel esperaban. Por iso, non pensou que os “papá, papá” foran con el. Só cando levantou a mirada do chan do vehículo e coa escasa luz distinguiu sen xénero de dúbidas a súa filla sentiu como se o liberasen dun peso de toneladas sobre os seus ombreiros. A rapaza avanzou cara a el esquivando como puido os obstáculos de pés e demais obxectos e por fin puideron abrazarse. Ao sentir o calor da rapaza, Pico deu por aceptable todo o acontecido até ese mesmo intre e o que puidese vir. A súa nena, cos ollos arrasados en bágoas, tentaba explicarlle o que el viñera deducindo, que a nai fora atacada e que ela baixara a pedir axuda tras comprobar que os teléfonos non funcionaban e o febre continuaba a subir na súa proxenitora. Descendera a tumba aberta e por unha intuición da que el como pai sentiuse moi orgulloso, preferira non parar ante ninguén e acelerar máis e máis até verse nun lugar con garantías de seguridade. Acabara atopando a patrulla do exército, quen a tranquilizara e a invitara a subir a aquel camión para ser levada a sitio seguro, coa promesa logo revelada como falsa de que enviarían axuda de contado á súa casa. Ela rematou a súa explicación preguntando pola nai e Pico non tivo forzas para soltar a primeira palabra do que tentara fose unha mentira piadosa na espera de verse máis sereno para confesarlle a verdade. Pola contra, da súa boca saíu un único salouco profundo. A filla volveuno abrazar, adoptando con enteireza o rol tranquilizador que quixera desenvolver o seu pai e nin se decataron que o coche se puña en marcha coa escolta doutros dous vehículos militares. Raúl comentou algo

sobre o que os militares estaban a facer cos corpos, pero eles non o escoitaron, demasiado concentrados no seu pesar. Entón, o pedáneo púxose a berrar a quen lle quixese escoitar na cabina do condutor que non pensaba parar, que rularían cabezas e que conseguiría aclarar todo iso aínda que deixase a vida no esforzo, que dedicaría a elo todas as súas enerxías, etc., pero Pico pediulle que por favor calase. Só quería saborear ese momento de saberse reunido por fin cunha das persoas que máis quería no mundo. O aludido aceptou de mala gana, non sen antes teimar unha vez máis que cumpriría a súa palabra e que faría pagar aos laboratorios todo o sufrimento desa noite maldita.